Segundo o sociólogo Miguel Cancio, «algúns chegan a falar do deporte como relixión da Terceira Revolución Industrial, do láser, da imaxe e da comunicación. A TV sería o seu profeta. Estariamos ante unha relixión universal xa que a misa do fútbol se di nunha linguaxe realmente intelixible para todo o planeta, a linguaxe da imaxe». Por isto coido que é tan importante a linguaxe da palabra nos acontecementos deportivos. Os especialistas non se cansan de repetir que é no deporte onde se están a cometer máis erros. Alberte González Montañés, asesor lingüístico de TVE-G, acaba de facer un traballo para «Cadernòs de lingua» sobre o uso do galego neste medio. A lingua estándar ha de ser clara e sinxela. O estilo, coloquial e cotián, pero atopámonos con tópicos, incorreccións e abusos trasladados moitas veces do castelán. Onde máis se nota é nos deportes con erros tan habituais como: «evento» por «acontecemento», «toda vez» por «dado que», «xa que»... «claro dominio», «gañou de 8 puntos» (inorrección sintáctica calcada da linguaxe dos mass-media en castelán). A relación sería moi longa. Non estaría de máis que fixeramos un esforzo para mellora-lo idioma e así engadir, á importancia mercantil e política do deporte, o noso gran lingüístico.



... os seus mitos de derechas se na creado este post-  
inquisismo sociolóxico que sigue marcando nues-  
tra historia. Ca. Felipe, sin ir más lejos, ha alimen-  
to con sus memorias de niño de izquierdas la mi-  
ología del Caudillo que pende aún, como una es-

... días de la corrupción. Hombre, por lo menos el  
«Azor», como los impactos de las balas del 23-F  
en el Congreso, deberían permanecer ahí, en su lu-  
gar de descanso de la historia, para recordarnos,  
siempre, por dónde no se va al siglo XXI.


## Dignidade da muller

Por TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

Así se chama a Carta Apostólica de Xoán Paulo II, na que afirma a igual dignidade de homes e mulleres. O papa Montini falaba da Igrexa burocratizada —«Santa Burocracia»— na súa relación coa muller. En opinión da escritora-xornalista M.A. Macciocchi, Wojtyla pronúnciase pola igualdade, pero non no altar nin no sacerdocio feminino. En Italia di a periodista, a muller é censurada, expulsada e burlada por un poder de analfabetos, corruptores, televisivos, políticos e mesmo cardenales. A condición da muller, a súa igualdade na diferenza, a súa identidade específica e a súa aceptación está lonxe de aceptarse nas sociedades tecnolóxicas avanzadas. No debate do estado da Autonomía a muller quedou polo chan, desde a óptica do poder. Só a oposición falou, algo, do que nos «inquieta» ás mulleres, de cal é a nosa situación: a taxa de paro feminino, en Galicia, é moito máis alta ca dos homes —afecta, xa, a máis do 20% da poboación activa feminina—, as mulleres que traballan fóra da casa cobran unha media do 18,6% menos que os homes... E o señor Fraga pretende, como medida salvadora para este país, poñernos a parir, iso si, con gratificacións e subvencións como aquelas ridículas axudas familiares e premios de natalidade de Franco. ¿Que estímulo hai hoxe para ter fillos? ¿Non será baixa demográfica produto da emigración? ¿Non se pretende «disimular» o desexo de meter as mulleres na casa, coidando do home e dos fillos; non tería que dar Fernando Pardo un cursiño ós homes do seu partido?

Isabel Tocino acaba de declarar «que no seu partido, pode haber un certo plus de perigosidade por ser muller. Resulta realmente difícil, ós homes, o aceptar ás súas competidoras as mulleres». Trala «broma» do señor Portomeñe ás mulleres da Cámara, gustaríame que pensara que as mulleres están aí, con el, por «intelixencia», «vocación política» e sobre todo por ter sido elixidas polo pobo. Non conseguirán calarnos nen pecharnos nas cocinas, malia os seus desexos de someternos e ternos nos partidos —a maioría das veces— por simple oportunismo.

AXA DIFE  
OUTRA  
S



distintos y distantes pueblos de España, que los y lo vea. Para eso, para lo que persigue desde hace años y propone Fraga desde hace años, mejor quedarnos como estábamos, en el chiste de la virgencita.

Federalismo en este país, entre comillas, claro inventaron los Reyes Católicos, ¡maldita en los resultados por todos conocidos. Con unos cuantos foros, como ahora se trasnadas cuantas competencias, pero lo mantuvo todo atado y bien atado durante quinientos años, el ejército, el Santo

derecho a convertir el espíritu del dichoso título VIII de la Constitución en un velo de Penélope que parece que tejen durante el día y sospechamos todos que destejen durante la noche. Ante el reto de la integración en Europa, como ante el reto de la expulsión de los árabes, este país, que ya fue un conjunto de reinos soberanos y que puede ser un conjunto de administraciones totalmente autonómicas, ya demostró su capacidad para la cohesión y la convergencia, esas dos palabritas que tanto le gustan a Felipe González.

Federalismo a la mejicana; no, gracias...

## Resistencia creativa

Por TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

Fernando Savater, catedrático de Ética, falou en Santiago de liberdades. Dixo que estamos a vivir con ese aire dramático, esa agonía unamuniana, de que todo se tambalea, todo cae, todo é patético... que nos fai sentirnos máis importantes —no sentido de pensar que sómo—los únicos en vivir esas experiencias—, pero non nos fagamos ilusións, xa no ano 2500 a.C., nunha tumba exipcia, atopouse un escrito, «A canción do desesperado», que dicía «todo vai fatal a causa da corrupción, o nepotismo, a prepotencia, o autoritarismo» ... Hai que ser audaces, porque os conformistas puros só se laian, fan constatación dos seus males e máis nada. Pola contra, os audaces ademais de sufrir, viaxan, crean, descubren, presentan alternativas para mellorar. Hoxe a disconformidade coas liberdades non é falar de ausencia de liberdade, senón querer máis liberdade. Hai un clima xeneralizado de medo a que os excesos de liberdade leven á desestabilización, medo recollido polos gobernantes e cando a xente pide leis represivas, os políticos con afáns electoralistas danllas. Danlle gusto ó persoal. Nace a Lei Corcuera. Corcuera, que segundo o filósofo non é Maquiavelo nin Drácula, acepta o traballo sucio. O lamentable é vivir con persoas que queren esas leis, que piden represión ó amparo dunha serie de delitos chamados polos sociólogos «delitos sen vítimas, delitos incontrolados nos que a vítima busca ó delincente para conseguí-los seus fins. Delictos que endexamais puideron erradicarse pola persecución. O máis que chegou a conseguí-la policía foi levalos dun lado a outro, distribuilos. O tema da droga non deixou de medrar, desde que comezou a persecución. O seu arredor «florece», para vivir da droga, políticos, médicos, sociólogos, mulleres de políticos que fan beneficencia... A Lei Corcuera é só un pretexto para meternos outros goles. Savater reafirmouse na idea de que a actitude represiva é un disparate, un paso atrás. A única medida liberal que se pode adoptar é a despenalización do seu consumo. Pediu ós cidadáns conciencia crítica, reflexiva, consciente. Resistencia creativa.

NOTA COMENTARIA

des personales de tantas, tan profesionales y tan íñimes señorías como presiden nuestros tribu-  
les. Hablo de intendencia, logística, generosi-  
d presupuestaria, todos esos hilos que mueve a  
capricho el poder executivo para que no pueda  
verse en libertad el poder judicial. Hablo, mal-  
a sea, de esa obsesión del olimpo, el ideolóxico y  
rubernamental, que por un lado puede parecer lo  
simo y por otro es a veces todo lo contrario, por  
errar el espíritu de Montesquieu en el sentido  
lineal de la frase: la separación de poderes.  
A mis escasas luces, como ciudadano de un país

traste con los escanaatos que nuelan los corazones  
de la sociedad española, son simples travesuras de  
clase media ahogada por las letras.

No, de verdad: yo protesto. No porque un juez  
de Lugo haya proclamado la prisión preventiva  
para unos supuestos e insignificantes defraudado-  
res de pensiones, sino porque otros, en tantos sitios  
de España, no hayan hecho lo mismo con supuestos  
y significados defraudadores de tantas cosas, no  
me tires de la lengua.

Protesto con el mismo grito de Al Pacino en una  
célebre película: ¡justicia para todos!

## Torres no ar

Por TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ


A. Cribeiro ía recoller a C.E. Ferreiro ó pazo presidencial venezolano —onde traballaba como «asesor cultural» de Caldera— e o Celso Emilio dille: «Imos ver un cadro ó Banco Nacional de Caracas que é unha homenaxe ós guerrilleiros mortos, porque quero que contemples a un dos retratados». Era, para gran pesar de Alexandre, Antón Avilés. Unha vez xa en Madrid, Patiño dálle unha gran noticia. Avilés non estaba morto, só posara para o pintor venezolano.

A vida en Colombia do Avilés ben puidera parecer unha narración fantástica de García Márquez, pero Antón era real, iso si, dunha realidade fantástica, utópica e xenerosa. Un home cos pés na terra e o corazón no mundo, cos seres máis débiles e necesitados. El xamais renunciou nin se avergoñou das súas humildes orixes nin de Galicia. Era campo e mar. Vendo a ría de Noia dende a súa casa materna comprendo a súa fortaleza, bondade, firmeza e romanticismo.

Taramancos, Noia, sen esquece-lo resto, convertéronse no centro do mundo. Como concelleiro nacionalista de cultura en Noia traballou cunha intensidade fóra do común. Dinamizou a chegada do centro de FP, creou a Escola-Obradoiro, a Casa da Cultura, o Conservatorio, preocupouse da restauración do Patrimonio, conseguiu o arranxo do órgano, foi o gran animador das festas cun pensamento moi especial para os cativos... Nos seus catro anos de xestión nunca conseguiu que o conselleiro de Cultura o recibira.

Lembro como cando soubo que eu ía entrevistalo na televisión chamoume para pedirme que non me esquecerá de Noia, no capítulo de peticións, nin dos escritores galegos que non tiñan nin un local para reunións...

El, a quen a súa nai lle dicía: «Ai meu fillo, ti sempre a facer torres no ar», fixo grandes cousas, tanxibles, reais, físicas, pero o máis importante, ensinounos a ser amigos, patriotas, responsables, honrados. Noia, Galicia, Colombia, os desvalidos, perden un loitador.



AVE, españoles que no podrán hacer odios comparaciones entre la inversión del 92 y el subsidio de desempleo. ¿Me sigues? a dicho Nico, para disimular, que «el Gobierno ha tenido que recordarle la oposición pararía que, en realidad, el Gobierno está chuzando todo el mundo, Nico, macho, a la oposición sindicatos y al pueblo, que ha empezado a cosa parecida a la de Perú en las últimas sea, uná gente que se entera del porvenir

porque, claro, si la obsesión por la convergencia con Europa va a desembocar en esto, en una reacción de decretos en cadena que provoquen la divergencia con los españoles, mejor quedaros como estábais, Felipe, macho, quietos hasta ver, no vaya a ser el diablo que por poner una pica en Flandes, los españoles, ya los conoces, acaben poniendo a otro señor en la Moncloa.


Les estaría bien empleado a «estos chicos», que conste en acta, por olvidar los sabios consejos de nuestros abuelos: con el pan, el pan nuestro de cada día de tantos españoles, no se juega.

## Dous talentos desaproveitados

Por TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

Refirome ós doutores Francisco Gómez-Ulla e Xosé Pérez Moreiras, oftalmólogos, especialistas en diabetes e retina, e cataratas e órbita-tumores, respectivamente. Son profesores da Facultade de Medicina de Santiago e forman parte do equipo de oftalmoloxía do Hospital Xeral de Galicia. Teñen pacientes a moreas e gran recoñecemento a nivel estatal. Reciben para completa-la súa formación a residentes doutros hospitais españois que durante dous ou tres meses aprenden deles. Nos últimos quince anos escribíronse, no mundo, só catro libros sobre órbita. O único en español é da autoría de Pérez Moreiras, que no próximo mes de maio marcha a Nova Iork ó Manhattan Eye Hospital —centro de referencia para todo USA— para actualizalo con 1.100 novos casos de tumores porque os xaponeses van a traducir ó inglés. Foi reclamado polos mellores centros de Madrid e Barcelona pero nunca quixo abandonar-lo seu país. Francisco Gómez-Ulla, ós seus trinta e oito anos, é recoñecido fóra de Galicia como un dos mellores especialistas en diabetes e retina. Ten publicados tres libros, mesmo con avances en novas técnicas, e ten unha humanidade no seu trato cos pacientes que desborda tódalas previsións.

Pois ben, estes dous doutores só poden operar un día á semana no HXG e por todo equipo teñen un R2 (residente de segundo ano). Están a piques de moderar, en Sevilla, dúas reunións mundiais con relevantes especialistas e aquí non teñen nin equipo nin días para quirófano. E non esquezamos que son dous profesionais de referencia estatal. Teoricamente, nin á dirección do hospital nin á Xunta de Galicia lles interesa «axudalos». ¡E logo queremos que mellore a nosa medicina! Posiblemente tódolos esforzos vansen para ter un programa televisivo chamado «Boa saúde». Non quería rematar sen felicitar ó doutor Sánchez Salorio por estes dous discípulos que prestixian, non só ó centro onde traballan, senón a Galicia. Pero xa se sabe que ninguén é profeta na súa terra... e así nos vai.



K.M. 1992



ras Fraga en la Fundación Cánovas y en la calle Ferraz diseñan «proyectos para con la intención de seguir manteniendo a la adada y bien atada, «Foro», ¡tantos mo le están haciendo falta a este país para el discreto encanto de la democracia!, di- telaraña humano-informática, liberal- al, insumisa en las formas, pero solidaria dos, para intentar mantener a la sociedad bien abierta a la intemperie de ese firma- davía inalcanzable al que llamamos liber-

blicos, en sus coches oficiales, que atraviesan las avenidas de nuestras conciencias prometiendo «manás» y dejando sólo estéril confetti de papel.

Ya sé que esto parece la crónica de un fracaso anunciado, como aquello otro de Roca, como ese sueño de Adolfo que hemos tirado con nocturnidad y alevosía por la borda en nuestra singladura por la historia. Pero, haced, si podéis, un hueco en esta desenfrenada carrera hacia ninguna parte, y decidid si quereis construir una sociedad mediocerrada o una sociedad medioabierta. Esa es la cuestión.

## Nao senlleira


Por TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

«¡Quen dera ser nao senlleira! / Sen fito-estrela nin porto- / Ser eu a propia ribeira! / ¡Quen dera...!» Así remataba Fermín Bouza-Brey, en 1932, un dos poemas do seu importante libro, que leva o título deste artigo e co que se deu a coñecer como poeta. En Bouza Brey está o influxo dos cancioneros medievais. Como escribiu Fernández del Riego, o primitivo sentido lírico deses cancioneros que fora a nota típica dunha arte poética, florida e refinada dos nosos trobeiros, resucita con xeitos novos na obra do poeta ponteareán.

En Nao Senlleira realiza unha poesía exemplarmente galega, sen influxo alleo, fundada na tradición medieval e nas fontes populares. Bouza, para moitos especialistas, un dos máis importantes poetas galegos modernos non ten aínda a súa obra estudiada en profundidade e coa amplitude que lle corresponde. Manuel María ten escrito que Bouza-Brey é, con Amado Carballo e con Manuel Antonio, un gran renovador da poesía galega do século XX. A obra de Bouza é dunha gran novidade. A súa poesía comeza e remata nel mesmo. Ribeira e mar fondo. Un mar humano, riquísimo, con toda a dor e, principalmente, con toda a ledicia de ser home. Ricardo Carvalho Calero ten afirmado que a súa importante contribución erudita ó coñecemento de Galicia non pode escurece-la súa obra poética, de rica e traballada factura artesanal.

Bouza-Brey preocupado pola investigación histórica, arqueolóxica, etnográfica e lingüística, deixou un labor poético de gran valor. Léndoos estes días, lembrei á amiga Paloma Acuña —foi directora do Museo das Peregrinacións— cando nunha recente viaxe a Compostela —vive en Madrid— coa filla do pianista Weisseberg, que actuaba no Auditorio, confesoume que cando ten nostalxia, morriña, de Galicia, necesita ler «Nao Senlleira».

Creo que é o regalo máis fermoso que pode recibir un poeta. Senti-la terra, o mar, a patria, coa lectura dos seus versos.



exactamente lo mismo, però cruéntamente, impedir practicamente todo lo contrario: que nvierta un monte olvidado en un campo de rovidable.

tro, mis amigos de allende, no saben/no con-  
i, como si en vez de estar en un rincón de la ci-  
ción se encontrasen talmente en un rincón  
do de Africa, con todos mis respetos para el  
viente negro, y antes de que un servidor pueda  
una explicación que no haga aflorar los co-  
a mis mejillas galaicas, están anulando ya la


Creo, como una oración, que sólo hay dos cami-  
nos para evitar los abusos de poder en nombre de la  
legalidad: los tribunales y las urnas. Que este es un  
país libre, con libertad de expresión, pero sólo para  
los argumentos verbales y nunca para los insultos y  
los garrotazos. Que hay demasiados alcaldes abu-  
sando del bastón, demasiado pueblo abusando de  
la lengua y el garrote y demasiado gobernador civil  
lavándose las manos, ay, como Pilatos. ¡Basta ya!  
Este es un país con elecciones, con tribunales y con  
fuerzas de seguridad.

## Hospital Xeral de Galicia

Por TAREIXA NAVA ZA GONZÁLEZ

Acabo de «vivir» nel case unhá semana e teño que facer unha declara-  
ción pública, de gratitude, polo trato que a todo doente se lle dispensa e  
pola gran profesionalidade do persoal: celadores, admisión, auxiliares,  
ATS, encargadas de planta, médicos... Hai pouco, o Laboratorio Cen-  
tral recibía o recoñecemento dos laboratorios ingleses «Welcome Diag-  
nostic», polos controles de calidade externa mensuais, efectuados ó lon-  
go do último ano. Entre case 1.600 participantes de Europa, Canadá e  
USA, e despois de doce avaliacións, o Hospital Xeral de Galicia conse-  
guiu o primeiro posto e xa era a segunda vez que isto acontecía. Valo-  
rouse a súa precisión, exactitude e fiabilidade. E agora, da man do dou-  
tor Rodríguez Segade, está a piques de comezar a funciona-lo «Espec-  
tro de masas», único nas súas características no Estado español. Axu-  
dará a ter unhas condicións de traballo óptimas, xa que vai proporci-  
onar técnicas de referencia definitivas. Mesmo valería para a «Unidade  
de dolor». Podería seguir a falar doutros departamentos, pero este es-  
pacio é máis ben pequeno... Non podo deixar de lembra-la faciana ne-  
gativa. Se o HXG funciona e non chega a ser, moitas veces, un caos é  
pola gran profesionalidade dos seus traballadores, pola súa cualifica-  
ción e pola calidade das prestacións; pero a sanidade non pode funcio-  
nar, só, con voluntariedade, non basta con parchear, con «dar imaxe»  
nos medios de comunicación. Haberá que planifica-lo traballo para fa-  
cer rendibles os recursos, pero esa planificación terá que ir parella ó au-  
mento de infraestruturas. Seguimos a ter un hospital provincial —de-  
pendente da Deputación da Coruña— preparado para 450 camas, que  
o PSOE se nega a traspasar, e tamén a poñelo a pleno aproveitamento  
—está ó 50% de rendemento—. Se a Deputación cambiara de actitude  
aliviaría, en moito, a masificación do HXG. De nada valen «peonadas»  
para que se opere máis, se non temos infraestructura para que os enfer-  
mos estean nunhas mínimas condicións. Un país onde a sanidade e a  
educación funcionen, pode dicirse que vai por bo camiño.

SÓ ESTA  
IA XENTE  
POLI TIRA



...liás y en los cafelitos de las once. Unos en nombre de un Estado de las autonomías y otros en el de un viejo Estado heredado de los Reyes Católicos, nos hemos declarado mutuamente la guerra, mirados, y, otra vez, siempre, volvemos a servir de «conejillos de Indias» a una vieja zorra llamada Europa, ya la conoces, que por el rabillo del ojo observa el pulso entre los centralistas y los descentralizadores, entre Madrid y sus «botafumeiros» y Pujol, Arzallus y Fraga, que son una especie de nuevos «comuneros», otro Bravo, otro Padilla y otro

...nosotros jugamos España, que España vamos a dejarle a nuestros nietos, sino Europa, qué tipo de Europa unida vamos a dejarle a las próximas generaciones. No está en juego la dichosa unidad de España, sino qué nuevo tipo de unidad de España hay que construir para que deje de haber españoles de primera y españoles de segunda en la confección de los Presupuestos Generales del Estado. Txiki, y Fraga, y Pujol, y Eguiagaray, y tú y yo, director, no somos más que «conejillos de Indias» para esos señores que están construyendo el nuevo puzzle de Europa.


## Suerolandia, edición especial

Por TAREIXA NÁVAZA GONZÁLEZ

Hai anos unha muller animosa e xenerosa, chamada Ruth Gómez, mestra, atopou o apoio e colaboración do doutor Peña Guitián para poñer en marcha no Hospital Xeral de Galicia unha escola á que puideran asistir os cativos que, polas súas doenzas, tiveran que permanecer meses no centro sanitario. Ruth chamou a tódalas portas e foi conseguindo cousas. A ilusión e o esforzo xa os poñía ela abondo. Non había circo, artista, que pasara por Compostela que non fora actuar á escola para os nenos. Ela creou unha especie de paraíso infantil, que fixo que os nenos se esqueceran dos seus males e da súa situación.

Máis de doce mil pequenos atoparon alí distracción, amor, ensino, gratificación, fronte ás pequenas e grandes traxedias de cada un. Lembro aquel primeiro festival que Ruth organizou, no Pavillón do Sar, a beneficio da escola, que tiveran a honra de presentar e que durou case cinco horas, porque foron moitos os artistas galegos e de fóra que quixeron estar presentes. A escola, que desde hai pouco leva o nome do Nobel Camilo Xosé Cela, escritor que ten amosado a súa xenerosidade cos cativos do hospital, acaba de recibir un dos premios da Consellería de Sanidade. E Xosé Luís Bernal, autor desa personaxe tan retranqueira, popular, crítica chamada Farruco, tamén tivo o seu premio de parte dos rapaces do HXG. Cando souberon que estaba ingresado no mesmo enviáronlle unha revista confeccionada por eles titulada «Suerolandia: Edición especial» dedicada a Farruco. Son 37 páxinas con debuxos, poemas, chistes, pasatempos, sopa de letras, retratos... e moito amor. Nunha das historias —en seis viñetas— di «Farruco é feliz facendo feliz a todo o mundo». Noutra páxina os nenos dan a súa visión, cáustica e chea de humor do hospital, eu diría que chegan ó humor negro. Aurelia, Olalla, Beatriz, Santiago, Isaac, Alberte, Xacobe... son algunhas das sinaturas desta revista. Gracias Ruth por ese labor que fai máis ledos a tantos nenos que sofren. Proporcionaslles unha vida máis humana. ¡Non decaías!

5!



tro del que tiené conocimiento el mundo, adede gallego impondría el alemán como lengua atoria, je, aprovechando que el Pisuerga pasa alladolid y don Manuel pasó por la ARE. nis escasas luces, introduciendo esas tres ino-vas cláusulas en la nueva Ley Electoral de ia, no es que «estos chicos» populares se ase- el poder por las siglas de las siglas, es que se iran el coche oficial, la secretaria y el satai, bonito, oye, aprietas un botón y se escucha la


mao. x epe Cainu, el manager general del Parti- do Popular de Galicia, ya ves, se ha apuntado como loco a la estrategia más segura, al «cerrojo» político más descarado jamás planteado, conven- cido de que más vale mayoría en mano, al precio que sea, que sueños democráticos volando. Bueno, allá él.

Yo lo que te digo es que no sólo de cifras, de vic- torias, de cosechas indiscriminadas de votos viven los partidos políticos. De vez en cuando hacen falta ideólogos.

## Ecopacifismo y educación ambiental

Por TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

Os conflictos, as guerras, a fame, a pobreza, a opresión das minorías, a negación da democracia e das liberdades dos pobos e do individuo, a liquidación progresiva da natureza... son problemas que xera, sobre todo, a sociedade consumista o tecnolóxica actual. O estrago no medio ambiente repercute sobra a nosa calidade de vida e sobra a nosa saúde. Esta cadea ecopacifista é o fío conductor da Unidade didáctica, n.º 7, do Seminario Permanente de Educación para a Paz que coordina Moisés Lozano Paz. Os valores de tolerancia, solidariedade, cooperación, deben substituír ós de expansión, competición e dominación, primando a calidade sobre a cantidade. Sabemos que os EE UU, con só o 6% da poboación mundial, consume un 40% do total do papel, un 36% de combustible de fósiles e un 25% de aceiro, mentres que produce o 70% dos lixos sólidos do mundo. Entre Europa e USA, cun 16% da poboación mundial, devoran o 80% dos recursos do planeta limitados o irrecuperables. En Galicia detéctanse graves problemas de contaminación. Os axentes contaminantes son: as augas e sólidos residuais, as emisións gaseosas e o impacto ecolóxico do modelo forestal. Un dos posicionamentos alternativos sería aquel que contemplase a educación ambiental. En Suecia ésta ocupa o 20% dos contidos curriculares. Debe ser unha materia interdisciplinar que prepare ós nenos/as para unha forma de conciencia dos problemas que afecten ó noso entorno, coa esperanza de que na súa adultez velen por unha natureza mellor coidada. Que saiban os cativos que se deteriora a natureza pola mesma razón que se destrúe e explota ós seres humanos: para extraer uns beneficios e máis cuantiosos posibles e no menor tempo. E nesta tarefa de educación integral está Moisés Lozano, profesor de filosofía no Instituto Xelmírez II de Compostela, que xa hai tempo deixou de «teorizar» para reflexionar, con outros compañeiros, e levar á practica, na vida diaria, na escola, cos amigos, nas súas «circunstancias», no senso filosófico, para lograr un maior respecto, harmonía e equilibrio.



secretos.  
'o no sé, la verdad, si a Manuel Fraga, en estos  
mentos en que los vientos le soplan propicios en  
aña, le conviene asomar su cabeza laureada  
encima de los Pirineos y arriesgarse a ser  
-pam-pum de los sagaces chicos de la prensa  
ihí arriba, ya les conoces, que donde ponen el  
ponen el dossier y acaban cazando las «piezas»  
leno vuelo.  
'orque, claro, una cosa es aquel «euroFraga»  
Estrasburgo, que hacía horas extras en el Par-


raciones de esas que nacen entrar en erupción en  
volcán de Villalba, y le pueden amargar el fin de si-  
glo.

Con razón en Raxoi se han pasado días desho-  
jando la margarita de la ARE. Para disimular,  
unos te decían que el presidente dudaba por si po-  
día herir la susceptibilidad de Aznar, y otros, je,  
idem, pero apelando a la susceptibilidad de Pujol.  
Ninguna de las gargantas profundas de palacio  
dijo toda la verdad y nada más que la verdad: en  
realidad preocupa la susceptibilidad de Europa.

## ¿Que celebramos?

Por TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

O científico francés Jacques Cousteau declarou en México que a che-  
gada de Colón a América foi o peor desastre ecolóxico sufrido pola hu-  
manidade. Colón, engadiu, levou a crueldade e o salvaxismo do mundo  
occidental. Decenas de mozos europeos e españois, contrarios á cele-  
bración do V Centenario foron reprimidos polas forzas de seguridade,  
en Sevilla, o día da inauguración da Expo. ¿Que celebramos: cinco sécu-  
los de dominación, explotación, destrucción, de conquista, de acumula-  
ción do capital, ou cinco séculos de resistencia indíxena, negra e popu-  
lar en América Latina? Non é, só, unha discusión histórica, como sinala  
Michel Löwy —director de Investigacións do CNRS de París— senón  
unha polémica nas igrexas, nos sindicatos, nas comunidades de base de  
América Latina—AL—. Lexítima—la celebración do V Centenario é le-  
xítima—los latifundios, o poder da oligarquía —continuadora dos con-  
quistadores—, a débeda externa. A Teoloxía da Liberación toma posi-  
ción arredor desta celebración e xa no ano 1986, en Quito, na reunión  
ecuménica da pastoral das comunidades indíxenas manifesta: «Rexeite-  
mos totalmente esas celebracións triunfalistas. Houbo unha invasión,  
exterminación, usurpación de terras, desintegración das organizacións  
autóctonas...». En 1987, en México, retoman o tema e manifiestan: non  
podemos celebrar unha ignominia, a morte dos nosos pobos, danzar  
baixo a botá dos nosos opresores, cantar aleluias nas misas se foron  
destruídas as nosas culturas... Bispos, relixiosos, comunidades de base  
de AL, pero en especial, de Brasil, Perú, México e América Central tra-  
ballan para conseguir que os pobres sexan vistos como suxeitos da súa  
propia historia, que se autoliberen. Celebran unha xuntanza en 1989  
—Comisión da Historia da Igrexa de AL— e declaran que o que habe-  
ría que celebrar é as revoltas indíxenas. «Debemos pedir perdón a Deus  
e ás vítimas polas nosas complicitades coma individuos e coma igre-  
xas». En 1492 en troques de «descubrir», «encubrimos» culturas, po-  
bos, lingua... ¿Cantos, con seriedade, están a estudar ós vencidos?



ya los cimientos...  
la carcoma, ¿comprendes? Los cimientos  
e la nueva derecha española, en cambio, es-  
criva a la intemperie, sometiéndose día a día  
il test de los «mirones de obra» genuina-  
españoles.  
a, una cosa es que Felipe, el gran fajador de  
ica española de este siglo, dé la cara por un  
de, por un Guerra, por un Mariano Rubio,  
ándose a que le den algún que otro gancho  
echa de aquellos que encajaba Paulino Uz-  
sin un solo pestaño, y otra que la dé Aznar,  
mandíbula es todavía de cristal, por un Hor-

Es todo, ya te digo, como si naciese  
España el mayo francés con 24 años de demora y la  
gente, los jóvenes, los españoles en general, en vez  
de salir a las calles gritando ¡La imaginación al  
poder!, nos quedásemos en nuestras casas susu-  
rando prácticamente en masa: ¡La ética al poder!  
Por eso te digo que sobre esa Peña, la de ese toca-  
yo de Burgos llamado José María, no debería in-  
tentar levantar su iglesia el genuino José María  
Aznar, que bastantes problemas tiene ya para in-  
tentar subir a los altares de la Moncloa, ay, en ese  
largo y tortuoso proceso de beatificación electoral.

## Arquitecto en Xapón

Por TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

Unha congratúlase cando os amigos son recoñecidos pola súa profesionalidade. Iso estálle a pasar —en realidade hai anos que acontece— ó arquitecto pontevedrés César Portela. Venezuela e Xapón contan con el para importantes proxectos. En Cidade Bolívar —Venezuela— aprobaron os seus deseños para a construción da Escola de Belas Artes e maila praza que a arrodea, que se vai converter nun maravilloso mirador da cidade sobre o río Orinoco, coa vantaxe de que está situada no casco antigo, o que vai beneficiar ós estudantes de Belas Artes, que van ter unha escola chea de patios, con vexetación autóctona, e obradoiros.

A Xapón xa viaxou catro veces Portela para ter xuntanzas cos políticos do Goberno central, dos concellos onde está a traballar e da correspondente prefectura. Foi elixido para construír unha ponte en Shinminato e un teatro e un museo de montaña en Toga-Mura, dúas vilas situadas á beira do Mar do Xapón. Estes dous proxectos foron elixidos por unanimidade, e é a consultora do máis prestixioso arquitecto xaponés, Arata Isozaki, quen dirixe as obras. César Portela compaxina estes traballos coa súa cátedra da Escola de Arquitectura da Coruña, cos estudos pilotos sobre a Ribeira Sacra do Miño e do Sil para desenvolver a zona conservando a paisaxe, e mailo paseo marítimo na beira do Úlla en Catoira. César, cofundador do Colexio de Arquitectos de Galicia, do Museo do Pobo Galego, das revistas Teima e Vagalume, foi seleccionado para o deseño do Pavillón de España na Expo e foi o único arquitecto español finalista para un proxecto, España, Francia, Italia, da exposición da paisaxe mediterránea. El, que xa obtivera o Premio Nacional de Urbanismo polo plan de protección do Pazo de Oca e maila Medalla de Ouro do Consello de Europa polo labor feito no Concello de Brión, é recoñecido polos especialistas por unha obra de gran riqueza e calidade espacial, pola síntese de racionalidade e sensibilidade, pola mestura de tradición e modernidade... Os seus éxitos en Venezuela e Xapón son éxitos para Galicia e para os seus amigos.

PELO?



...quieren castigar al Gobierno juzgando la sociedad». Está claro que la obsesión de los poderes fácticos, salvo alguna Iglesia, es convertir los sindicatos en los malos de la película.

Bueno, muy bien: ¿Pero qué es la huelga? A mis casas luces, el 28-M vamos a contemplar la punta de un iceberg que lleva años a la deriva por las aguas turbulentas de la sociedad española. Ferne quiere reducirlo todo a la mínima expresión el decretazo y Cuevas se ha puesto las orejeras empresariales y lo mide todo en términos de pérdidas, pero algo, bajo la huelga, amenaza al PSOE y

roexcecentes» de teche a cambio de entrar por la puerta de servicio.

La huelga, insisto, es la punta del iceberg de un cabreo sordo de los españoles, míralos, que empiezan a pensar que Europa podría no ser nada sin España, Portugal o Grecia, las tres cenicientas de un hermoso cuento cuyo final feliz debería depender de la cohesión, la solidaridad y el respeto. En esa huelga, que sólo es un «puñetazo», un desahogo por tanta «eurodignidad» perdida en Bruselas, se echa de menos la comprensión de los empresarios, ciudadanos, al fin y al cabo, y españoles todos...


## Na conquista da liberdade de expresión

Por TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

Desde a óptica literaria ninguén discutiría o dereito de expresión, pero a súa conquista coñeceu unha longa noite, a mediados do século pasado, por parte das mulleres. Marina Mayoral, amiga e colaboradora destas páxinas, fixo un traballo sobre os esforzos das escritoras románticas pola conquista da liberdade de expresión. Aínda que había no XIX *raras avis*, casos excepcionais, potenciados pola nobreza e o claustro, as mulleres escritoras eran unha cousa rara. Mesmo a Larra, liberal no terreo da política, a sociedade da súa época pésalle e opina que a literatura envelena ás rapazas, sendo o matrimonio o mellor para elas. Nas escolas tiñan que ensinar ás mulleres os labores domésticas, costura e despois a ler e escribir. Os libros eran perigosos porque podían levar ás mulleres ós prostíbulos.

Pilar Sinues, autora de «Margarita», declaración de amor ó home, recibía ás visitas «bordando» para despistar e non sentar mal precedente. As mulleres facían poesías sobre flores, paxaros, ata que chega Rosalía de Castro e fala de soidade, de paixón, do sentimento da vida... Foi das máis rompedoras e atrevidas. Houbo homes que apoiaron ás mulleres escritoras, pero non deixaron de se-los mentores. Non se lles facía crítica literaria porque non as consideraban. De Carolina Coronado dicían que era un erro da natureza porque tiña alma de home en corpo de muller. Teodoro Llorente, cando lle fai un limiar a Gertrudis Gómez de Avellaneda, di: «Nunca fun partidario da muller que escribe». Escribir era para as mulleres perigoso. María Dolores Cabrera, das menos coñecidas, sinala: «O home non perdoo o talento na muller». O dereito a expresármonos sempre supuxo un duro esforzo. Moitos lectores pensarán que a conquista da que falo no título deste artigo é un dereito xa conseguido; outros estarán a matinar que aínda hai moito que facer, e un grupo de bandullos agradecidos, sempre de acordo coas farangullas que concede o poder, dirán que é mellor non abanealo.

¡Nunca se escribe e se fala a gusto de todos!



ender como un hombre, siguiendo la tradición  
uinamente cordobesa desde Boabdil el chico.  
Sólo Pedro Duque, el astronauta español que  
gió del frío, volará alto, ¡aúpa, Pedro!, y con-  
iplará desde ahí arriba, en otro hermoso aco-  
miento Apolo-Soyuz entre la NASA y la ESA,  
bajitos que nos habremos quedado sus compa-  
ntas aquí abajo, ¡oh, los españoles!, tras nuestro  
plamiento con Europa. Porque lo de Ma-  
richt, no nos engañemos, no es una convergen-

su mano a ésta tribu de seres morenos, bajitos y ca-  
breados que habita al sur de los Pirineos.

Ese es también el drama del 28 de mayo, oye:  
que sólo vamos a contemplar el cabreo de los tra-  
bajadores por el precio en subsidios de paro que  
pagan por el dichoso acuerdo de Maastricht. El  
resto de los españoles, en cambio, vamos a hacer  
el papel de espectadores, o sea, el de siempre, con-  
vencidos de que, en la boda, je, solo vamos a hacer  
de testigos.


## Sexa feliz sendo fermosa

Por TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

O 75% dos bens de consumo son mercados polas amas de casa, a quen a publicidade lles fai crer que son mulleres liberadas gracias ás máquinas, á modernización tecnolóxica da casa. Para que se manteña, economicamente, a moderna sociedade de consumo é imprescindible que permaneza sen cambios o rol tradicional da muller. Ela convértese, en troques, en obxecto e protagonista. Segue o seu papel de femia que ten que atraer ó macho —productos de estética e beleza— e no de esposa e nai —productos de limpeza do fogar e electrodomésticos—. Gracias á publicidade tódalas mulleres podemos ser fermosas á vez que perfectas amas de casa. O consumismo aliénanos de tal xeito que chegamos a crer que podemos satisfacer a nosa ilimitada capacidade de desexo.

Monserrat Roig ten escrito que desde nenas somos introducidas nunha competencia erótica para que nos adaptemos axiña á nosa función de obxecto sexual. Nace «a muller ideal», que non é máis ca un arquetipo feminino creado polas multinacionais dos produtos de beleza. «Sexa feliz sendo fermosa», din os anuncios, igualando beleza a felicidade. Sentimentos como a soidade, o temor a avellentar, o non ser abondo amada, son manipulados pola publicidade aumentando a traxedia persoal. A muller como obxecto de consumo aparece na pornografía e esta non deixa de ser un reflexo da visión masculina perante o sexo. A pornografía non axuda a que as mulleres acepten e amen máis o seu corpo, mais ben aumenta os seus complexos con respecto ó seu físico. Nace a anguria. O feminismo revaloriza o mundo da sensualidade en toda a súa riqueza, porque é, en realidade, transformadora nas relacións entre o home e maila muller, á par que loita por integrar na personalidade tanto o sexo coma a afectividade e a razón. En Copenhague, no ano 80, na Conferencia Mundial das Nacións Unidas para a Muller salientouse que os estereotipos masculinos e femininos, así como a inferioridade da muller, na familia e na sociedade, crean condicións propias para a violencia contra a muller.

AMÉN  
DAS  
INTE-  
ADASP?





ir por peñeras en las próximas urnas, aviaban exigiendo que se abriesen las puertas oder abandonar la nave en caso de apuro. que es un «paro» capaz de derribar a un go y no esa espada de Damocles que han pues-indicatos sobre la cabeza de Solchaga. Por-aro, este paro, el del tren de más veloci-Europa, ¡qué risa, madre!, no es una rabieta

tas urnas. Dicen que Felipe se ha pasado el fin de semana lamentándose, oye: ¡Si por lo menos hubiese ido Luis Yáñez! Desde luego habría sido una explicación que entendería esta tribu de seres bajitos, morenos y supersticiosos a los que llaman españoles. Ahora, también te digo una cosa que debería servir de consuelo al presidente: por lo menos no iba la familia real. Eso sí, je, por los pelos...


## Muller e publicidade

Por TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

A publicidade segue a recoller unha visión sexista das mulleres e dos papeis que se lles ten asignado tradicionalmente. Aínda que nos últimos anos algunhas empresas publicitarias modificaron as súas mensaxes, prevalece a consideración da muller como obxecto sobre o de persoa, utilizando o seu corpo como reclamo, á vez que se incide na súa dependencia do home e se lle asignan, en exclusiva, traballos relacionados coa vida doméstica e o coidado das persoas. Loitamos, desde as organizacións de mulleres, para que esas imaxes non sexan discriminatorias, para eliminar os estereotipos sexistas e calquera utilización vexatoria do corpo da muller.

En Compostela e da man de Clotilde Rodríguez Martul, concelleira da Muller, e ata o día 5 de maio, pódese contemplar a exposición «A muller na publicidade» que organizou o Instituto da Muller e que xa estivo exposta na Coruña. Consta de 70 páneis nos que se pode comprobar como para a publicidade o home é a forza, a eficacia, a capacidade de dirección mentres que a muller segue a ser a beleza, a seducción, que fai desexable todo tipo de produtos. Eles son suxeitos da aventura e elas unha ocasión de aventura e evasión para eles. Para as mulleres, o ascenso profesional parece depender máis da beleza ca do traballo. Cando os homes aparecen en grupo, as súas relacións son de camaradería e bos sentimentos. Cando se establece algunha relación entre mulleres é case sempre de envexa e rivalidade. A muller, que non renuncia a ser apreciada e querida, debe coidar tódolos aspectos da súa aparencia.

O rol da muller adulta vese tamén reflectido nas «nenas» e, só as mozas gozan de liberdade, autonomía e de relacións igualitarias cos rapaces, aínda que poden ser tratadas coma «unha cousa». A reconciliación coa nosa propia diferencialidade —como ten escrito Celia Amorós— é absolutamente necesaria na medida en que ningunha loita é posible nin nada podería ser construído desde a propia desvalorización, desde a depresión, produto de interiorizar a opresión do outro.



memoria, Ruiz Mateos, es que no da un  
tazo sin hilo, macho. Como además llevaba  
ablado con los cielos, da la sensación de  
ha aprendido el truco de estar en todas par-  
ea, como Dios, y se le aparece a Boyer en el  
to más inesperado, uuuuuuh, como si fuese  
te una de las caras de Bélmez. Yo porque no  
yer, al que por un lado le ha tocado la china  
el, de acuerdo, pero por otro le ha tocado la  
ese Ruizeñor, si no habría pedido ya hora  
siquiatra, me habría tumbado en el diván, y  
to el discípulo de Freud me dijese: ¡A ver,

na dejado la moncloa a los sindicatos, oye: nacer  
una machada el 28-M. Disfrazar a cientos de mi-  
les de trabajadores de «supermanes» para intentar  
que el sistema regrese al «buen camino».


Yo porque no soy Dorado, el sucedáneo de Julio  
Feo que habita en la Moncloa, si no le avisaba a  
Felipe que el único antídoto contra los «superma-  
nes», jeh, Felipe!, ¿me oyes, Felipe?, no son pata-  
das en las puertas, leyes de huelga y leña al mono  
contribuyente, sino democracia limpia, fija y es-  
plendorosa. Como si fuese una palabra más de la  
Real Academia.

## Reforma educativa ¿para cando?

Por TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

Nun debate ó que asistín, tratouse o tema da xornada única que pode  
enfrentar a país, profesores e sindicatos. Participaron representantes de  
CC OO, UGT e CIGA e mailos pedagogos Andrés Suárez e Lourdes  
Taboada, membros do equipo de investigación responsable da «avalia-  
ción da xornada única en Galicia» encargada pola Consellería de Edu-  
cación, que custou case dezaoito millóns de pesetas e na que se empre-  
garon tres anos. Publicada, hai xa dous meses, a consellería parece non  
ter interese en dala a coñecer. Hoxe en Galicia so hai oitenta centros  
—3,5%— que teñan adoptado a xornada única. Os sindicatos amosá-  
ronse favorables á mesma, sempre e cando se cumpran determinados  
requisitos, cando non sexa unha puntilla para a escola pública. As acti-  
vidades da tarde deben ser gratuítas e igualitarias. Non se poden supri-  
mi-los servicios de comedores e autobuses. Non se poden aplicar crite-  
rios economicistas que producirían discriminacións sangrantes. Merce-  
des Núñez, de UGT, falou de solidariedade e insistiu na situación desfa-  
vorable dos rapaces do rural. Para Víctor Gesto (CC OO), a consellería  
está a introducir dun xeito obscurantista, sen rigor, a xornada única. O  
seu obxectivo, dixo, é aforrar con claras tentacións privatizadoras. Ma-  
nuel Dios, da CIG, sinalou que a Xunta debería pronunciarse política-  
mente no Parlamento. A Administración educativa, engadiu, é a que  
debería sufraga-las actividades, xa que os colexios públicos teñen que  
ser competitivos. O anterior goberno tripartito aprobou un plan para  
formación continuada do profesorado para un período de seis anos por  
doce mil millóns de pesetas. Coa chegada do actual Goberno o progra-  
ma quedou aparcado e só se está a dedicar o 20% do presuposto inicial.  
Manolo Dios sinalou que esta é só unha pequena mostra da política de  
«aforro» do Goberno galego. A primeira riqueza dun país é a educa-  
ción e o noso está necesitado dunha reforma educativa que atenda a  
nosa realidade social; pero parece que hoxe a Consellería de Educación  
é paralizante e pantasma.

RE DO  
SANTO



Fidel por mi tierra, cuando en realidad este se-  
y Manuel Fraga, y los colaboradores del viejo  
de Villalba, deberían preparar a mi pueblo y a  
gente, ¡oh, los gallegos!, para digerir el próximo  
de Fidel a Galicia. No se enteran, caray, que  
uestión no es cuánto le apetece al comandante  
r la tierra de sus antepasados, sino lo poquito  
puede apetecerle a los hijos de muchos de nues-  
s antepasados que el comandante pise nuestra  
ra. Que el problema no es lo a gusto que se pue-  
sentir el señor Castro recorriendo mi hermosa  
egra Sombra», sino cuánta mala sombra puede

castrar, je, «a ellos les han castrado», «a nosotros  
no han castrado», centenares de haciendas, miles  
de esperanzas, millones de sueños...


Ideologías aparte, no jorobemos, Fidel podría  
haber sido para muchos chiquillos de Galicia lo que  
el duque de Alba ha sido durante siglos para miles  
de chiquillos belgas: el coco al que podrían haber  
recurrido muchas madres cuando el niño se negaba  
a tomar su taza de caldo gallego. Ha venido el  
«two» cubano, y un servidor ha querido mostrarle  
una postal de la Galicia real. La otra, la oficial, ya  
se la habrá enseñado Manuel Fraga.

## Guatemala: A violencia permanente

Por TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

Guatemala vive baixo o terror das bombas e dos asasinatos por moti-  
vos políticos. Fálase da posibilidade dun golpe de Estado favorecido  
por unha pésima situación económica. Hai corrupción xeralizada. Na  
actualidade só o trece por cento da poboación ten acceso a unhas pres-  
tacións sociais mínimas. A violencia foi e segue a ser unha transpiración  
natural, en palabras de Eduardo Galeano. En 1933 o presidente Ubico  
fusilou a un cento de dirixentes e militarizou ós empregados de Correos,  
ós nenos das escolas o mesmo á Orquesta Sinfónica. En 1952 o Gober-  
no Arbenz aprobou a reforma agraria, beneficiando a cen mil familias,  
aínda que só afectaba as terras improductivas e pagaba indemniza-  
cións, en bonos, ós propietarios expropiados. Entón unha campaña in-  
ternacional desencadenouse contra Guatemala. «Tivemos que nos des-  
facer dun goberno comunista que asumira o poder», diría nove anos  
máis tarde Eisenhower. A caída de Arbenz marcou os momentos máis  
negros da súa historia, incluíndo o período de Méndez Montenegro,  
1966-1970, que proporcionou á dictadura o decorado dun réxime de-  
mocrático. Prometera unha reforma agraria e limitouse a asina-la au-  
torización para que os terratenentes portaran armas e as usaran, amais  
de crear corpos represivos.

No ano 67 grupos terroristas de dereita asasinaron a máis de dous mil  
oitocentos dirixentes. Dos pozos emerxían homes en vez de auga. O pa-  
dre Blase Bonpano, expulsado de Guatemala, denunciaba no Washing-  
ton Post: «Das setenta mil persoas que cada ano morren en Guatemala,  
trinta mil son nenos». A taxa de mortalidade infantil é corenta veces  
máis alta ca dos EE UU. Na actualidade o presidente Serrano Elías non  
pode —aínda que o intenta— loitar contra toda unha maquinaria san-  
guinaria e corrupta. Guatemala necesita con urxencia saír de baixo da  
bota militar que a asoballa e tiraniza desde décadas. Necesita aprender  
a convivir, a facer compatibles os intereses do pobo e da oligarquía.  
¿Deixarana?



de Madrid y del Mediterráneo se pierde en sus Ex-  
pos, visita sus teatros, se da una vueltecilla por sus  
illas olímpicas y disimula descaradamente sil-  
vando un blues con los ojos clavados en el cielo.

Sobre todo lo de la energía eléctrica, es que es un  
precedente que ya te hace temblar, si has nacido a  
rillas del Atlántico, claro, en cuanto te hablan de  
n Plan Hidrológico Nacional, ¡el Señor nos coja  
onfesados!, que es como llaman esos señores del  
obierno a lo que los tenderos llamaban antes la  
ubidita de acoplamiento al índice de coste de la

enería que, su sounu uuuu, la souaariaaa oficial de  
este país, está sometida a la ley del embudo.

Bueno, pues ahora con el agua, con el «síndrome  
de sequía» que se ha instalado en la Moncloa, iros  
preparando. Hacedos ya desde ahora de tripas el  
corazón, y aceptad con resignación cristiana el  
axioma de la solidaridad española que se nos echa  
de nuevo encima: que los gallegos produzcamos  
más agua que nadie, ¡ey carballeiral!, pero que no  
se nos ocurra solicitar la gracia de pagar una tarifa  
más baja que ninguno. Si es lo que yo digo, oye:  
siempre nos tendrán con el agua al cuello.

## O Vaticano e mailas mulleres

Por TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

Un informe da ONU sinala que a contribución da muller á sociedade segue a ser un factor «ignorado e invisible». O actual inquilino do Vaticano acaba de confirmalo seu ancestral antifeminismo, ó recoñecer perante o primado anglicano Carey, a súa negativa ó acceso da muller ó ministerio sacerdotal. Para o teólogo Hans Küng este Papa é o Papa do Opus. Coa recente beatificación, moitas mulleres falaron. Carmen Tapia, ex-dirixente, ex-secretaria de Escrivá, manifestou que a Obra converte en fanáticos ós seus seguidores: controla as mentes e rende culto ó fundador. Néganse os dereitos humanos básicos, agarimo familiar, liberdade humana. Hai que consultalo todo: que libros se poden ler e mesmo calquera compra ordinaria. Cabeza, corazón e moedeiro están controlados. As mulleres non podían fumar nin levar pantalóns.

Todas sufriron grandes presións para que non se foran da Obra. Foron tratadas de pervertidas ou de dementes. Escrivá ameazábaas con que serían unhas desgraciadas. O beato consideraba fundamental que soberan guisar, pasa-la prancha, limpar... que era o que facía a maioría delas na Obra. Están sometidas ó servizo do home e son consideradas de segunda categoría. Unha ex-numeraria conta que elas tiñan que durmir nunha táboa mentras que os homes o facían nun colchón, porque Escrivá consideraba que elas tiñan que facer máis penitencia. En cursiños para mozos, monseñor dicía respecto ás mulleres: «O estado ideal da muller do Opus é o embarazo permanente». O papel secundario da muller mesmo o viviu Josephine Bakhita, relixiosa sudanesa, negra, que entrou no paraíso dos santos como ás agachadas. Foi unha santa de terceira fronte ó poderoso Monseñor. Non deberiamos esquecer que os dereitos humanos están por riba das zunas teolóxicas dos señores que cortan o bacallao. E como ten escrito Xosé Chao, houbo mulleres apóstolas. Xesús escolleu discípulas: que llo pregunten, senón, a María Magdalena e outras mulleres, testemuñas primeiras da resurrección de Cristo.

## A praga dos exércitos

Por TAREIXA NAVAZA

Mario Vargas Llosa nunha conversa mantida en Berlín co periodista Manuel Campo Vidal, para TVE, manifestou que Fujimori fixo volver ás declaracións políticas, como reacción fronte ó golpe de Estado.

O ocorrido en Perú é grave porque pode ser unha invitación á imitación dos nostálgicos das ditaduras en toda América Latina, AL. Mentres os exércitos latinoamericanos non experimenten unha democratización interna, haberá perigo de involución, de retroceso. A actitude da Organización de Estados Americanos —o seu aval ó golpe— a súa debilidade e tolerancia é un paso cara á ditadura. Se non hai presión internacional, os exércitos crécese. Perú é, hoxe, unha ditadura militar con rostro civil. A base de Fujimori é o exército.

Cando se di que o 70% da poboación aproba a actitude do presidente, Vargas Llosa contesta que os inquéritos non poden suplantarse unhas eleccións libres, non poden lexitimar un golpe. Fujimori pechou o Congreso, suspendeu a Constitución, o Poder Xudicial, e anuncia a convocatoria dunhas eleccións xerais que non teñen ningunha lexitimidade. O asesor principal do presidente é o ex-capitán Montesinos, inspirador do golpe, avogado relacionado coa máfia do narcotráfico. No cumio mexicano de Guadalajara, Fidel Castro dixo: «Puidemos selo todo e non somos nada»; para Vargas Llosa, AL ten que se axudar a si mesma, se agarda axuda doutros nunca sairá do pozo. Este escritor que nos anos 60 foi revolucionario, nos 70 socialdemócrata, nos 80 thatcherista e nos 90 non se sabe, manifestou que coa Nova Orde Mundial deberían ir desaparecendo os exércitos que non deixan de ser hemorragias para AL. Van contra a modernización dos países, ocasionan guerras civís (artificialmente provocadas), cuartelazos, dispendios... Lembrei ós peruanos e ó gran César Vallejo do «Trilce»: «Estáis mortos, no habiéndolo antes vivido jamás. Vosotros sois los cadáveres de una vida que nunca fue. Triste destino el no haber sido sino muertos siempre. El ser hoja seca sin haber sido verde jamás. Orfandad de orfandades. Y sin embargo, los muertos no son, no pueden ser cadáveres de una vida que todavía no han vivido. Ellos murieron siempre de vida. Estáis muertos».

## El ir

*Me situo conscientemente el socialismo democrático, redere de Blanc, de Lasalle Bernstein, y, en España, de teiro, de Fernando de los Ríos Y, en nuestro panorama tual, de Elias Díaz, de la revista «Sistema» y de muchos intelectuales de izquierda.*

*Estoy muy orgulloso de tener a esa tradición.*

*Hoy, para mí, son especialmente válidas aquellas palabras de Goethe:*

*«Dichoso aquel que recu a sus antepasados con agr que gustosamente habla de acciones y de su grandeza, y serenamente se alegra viéndolos al final de tan hermosa fila.»*

*Es decir, veo el presente del socialismo.*

*Por eso creo que puedo fundadamente proyectarme hacia adelante.*

*El socialismo no es una ciencia, como erróneamente él mismo se consideró, influido por la tiranía de las tendencias del positivismo y del darwinismo.*

*El socialismo es fundamentalmente una ética, una moral hecha para una luz distinta a las palabras de Peguy.*

### Sofiar el futuro

*Es preciso admitir de una vez por todas que el análisis de la realidad sólo puede hacerse desde una plataforma socialista si va acompañado de una inclinación utópica que sueña el futuro.*

*La neutralidad posible es clarar y confesar desde el compromiso se analizan los problemas.*

*No se puede pedir más.*

*El terror de pensar que el socialismo vendría inexorablemente, la mentalidad mecanicista de la predestinación y llegar a la sociedad sin clases ha sido un calvinismo sin Dios como decía Bernstein.*

*En consecuencia, ha sido orientado y ha dificultado avanzar hacia los objetivos morales del hombre libre, del hombre superado, de la superación de explotación y de la realización de las personas.*

*Estas son las auténticas tareas del socialismo.*


*Hay mucho más espacio para la iniciativa, para el esfuerzo también para el sacrificio.*

## Quayle, un mal educador

Por TAREIXA NAVA ZA GONZÁLEZ

O vicepresidente dos EE UU foi de visita a unha escola acompañado das cámaras de TV. Achegouse ó encerado onde un cativo estaba a escribir «potato-pataca» e teimoulle ó rapaz de que o «o» final era incorrecto, que tiña que substituílo por un «e». ¿Imaxinan vostedes ós señores Cuiña ou Guerra facendo algo semellante, en directo na TV? Claro que Dan Quayle xa ten ós seus concidadáns acostumbrados. Todos lembran cando a piques de facer unha viaxe oficial a Latinoamérica dixo na televisión: «agora teño que me poñer a estudar latín porque é o idioma que se fala nos países que vou visitar». Un se pregunta, en calquera país occidental, como un individuo con esa «cultura» puido alcanzar un cargo de tanta responsabilidade. Sen chegar ós extremos norteamericanos aquí tampouco é para bota-las campás a voar. O último informe do desenvolvemento humano das Nacións Unidas sinala que os índices de alfabetización e escolaridade en España son inferiores á media europea. A educación é o que nos fai descender do posto vinte ó vintetrés entre os países máis desenvolvidos. Viñéronme á memoria anécdotas da Facultade de Dereito compostelá de hai anos. Un profesor coñecido polo «navallas» que sempre empregaba o retrouso «deta foma» dicía: «el aborto es un delito que se da fundamentalmente en las mujeres», ante este tema deixaba que as alumnas non asistiran a clase pero insistía: «se pueden ausentar pero no crean que vamos a estar abortando todo el curso». Outras das súas frases chocarreiras eran: «se está muriendo mucha gente que no se ha muerto nunca», «si el ladrón entra por la ventana o viceversa», «la diferencia entre abordaje y piratería consiste en si el ataque se produce por arriba o por abajo de la línea de flotación», «el tanto por ciento de los suspendidos, como no llega a cien, no se puede sacar»... Con clases tan amenas contáronme que Rodríguez Mourullo escribiu nelas «Nasce un arbre» e Bernardiño Graña un precioso conto titulado «O estudante que quixo ser burro».

CHUMY CHÚMEZ



## Un lujo redondo

Por ANDRÉS ABERASTURI

En Móstoles, un pueblo histórico que el desarrollismo convirtió en ciudad satélite desmesurada, se consumaba ayer una tragedia. En un piso de un conjunto residencial cuyo slogan era «Un lujo redondo», morían nueve ciudadanos polacos y dos españoles de raza gitana. El lujo redondo había tenido premios de arquitectura y junto a una bañera circular

## A punta de pistola

Po

*En el lenguaje se producen, a veces, coyundas de las que nacen híbridos peregrinos. Alguna vez me he referido al curasán con que miles de personas inyectan significado al francés croissant. Pronunciado algo así como «cruasán», no revela que es el nombre colo de la luna en cuarto*

—aunque, reconozcámoslo útil— mixto con mansedumbre Sigo sobresaltándome, y y tendría que haberme acostumbrado, cuando oigo o leo que un malhechor realizó su fechoría un atraco por ejemplo, a punta de pistola. Me pregunto siempre dónde tendrá la punta esa arma

quier cosa es posible «en este año de locos». Lo cual demostraba que está desbordado —al menos psicológicamente— por los acontecimientos. ¡Bush derrotado por alguien todavía innominado y sin partido como Perot! Eso quiere decir que un sistema se viene abajo. Vivimos uno de esos momentos en los que se aprecia la visión y el temple de los gobernantes, la decisión y capacidad para convocar alternativas y movilizar a las gentes en favor de la innovación. Un momento de la historia en el que jugar a aventuras es peligroso, como otros ejemplos dramáticos del pasado lo demuestran.

nuevo tan raro que se está inventando una parte del PSOE para acallar a esa otra parte tan rara y tan antigua que aún juega a lo de famélicas legiones en versión light: los descamisados. Seguramente hay entre esas dos partes una tercera vía que ni es del Betis ni tiene acento político catalán. Solana puede ser, sólo digo que puede ser, el comienzo de esa tercera vía. Un titular de Exteriores es una cosa muy seria y más si ha de sustituir a Fernández Ordóñez.

## Esperanza e compromiso

Por TAREIXA NAVAZA

Por RICARDO UTRILLA

cinco españoles, más  
dad de los italianos y un  
más en el resto de la  
idad salvo Irlanda si-  
saber lo que votarían  
de tal referéndum.  
idente que los promo-  
los acuerdos de Ma-  
han pecado de apresu-  
o y de insuficiente in-  
ón, como ya se venía  
ndo desde hace meses,  
armemente después del  
nés. Queda ahora cada  
difícil para cualquier  
o seguir adelante hasta  
sin que hablen las ur-  
peligroso que a algu-  
llos les pueda resultar.  
n los tales aprender de  
ido en Irlanda y de lo  
le en Francia: no habrá  
que no agradezca el  
tan alta ocasión nacio-  
opea, se le consulte.

No tortuoso camiño cara á normalización da nosa lingua e da nosa cultura atopámonos hoxe con atrancos tan enormes e difíciles de superar como ninguén imaxinara hai poucos anos. Así comezaba Olegario Sotelo Blanco, no ano 90, o seu artigo «De cando perdemos intelectuais nacionalistas e gañamos políticos estatalistas», no primeiro número da «Trabe de Ouro», publicación galega de pensamento crítico, da que é editor. E como editor está a facer moito pola cultura do país e, desde logo, polo proceso normalizador do idioma. Está a arrisca—los cartos nunha editorial que só publica en galego, algo que desde a óptica empresarial non enriquece a ninguén. Aposta por algo no que sempre creu. Procedente de Castro Caldelas chega a Barcelona, onde comeza a traballar na construción. A súa paixón, o xornalismo, faille acepta—la delegación do xornal «La Región» de Ourense. Hai uns 20 anos, outro galego, Manuel Fernando González, estupendo amigo, comeza en Radio Miramar de Barcelona a emisión do programa «Nosa Galiza». Manuel Fernando, director e conductor do programa, no que só se empregaba o galego, contaba coa colaboración de Sotelo, Basilio Losada, Manuel María, Eduardo Alvarez Puga, Alfonso Bozzo, Adolfo Fernández Oubiña, Fernando Pereira... Fan unha historia de Galicia auténtica, afastada de populacherismo. Sofren ameazas e censuras. Son expulsados «físicamente» do Centro Galego de Barcelona. Pelexan no programa polo Estatuto de Autonomía, pola ex—carceración de Suso Vaamonde, pola introducción en Cataluña da ANPG... Durante cinco anos traballaron por unha Galicia mellor. Olegario acaba de te—lo recoñecemento do Padroado do Pedrón de Ouro. Principiei falando da revista «A Trabe de Ouro», da que é director Méndez Ferrín, e que quere servir á corrente das ideas liberadoras da Galicia insuficiente de hogano e conducilas cara á esperanza. Con esa esperanza vive e traballa Sotelo Blanco.

# so de Larra

Por JOAQUÍN CALVO-SOTELO

*el mundo anglo-concibe: las res-  
critor se pagan  
eguntas del locu-  
que ese desequi-  
i. Aparte de esto,  
ora a sus antenas  
eros de vario to-  
los al censo de los  
an, medio siglo  
che de los cafés.*

**oda nueva**

*critor le adorna  
ue no gozan otros  
los arquitectos,  
os, los investiga-  
recediéndola por  
i. Sólo al escritor  
fama se les brin-  
ente a este último  
eciente entre no-  
le a su condición  
ensayista. Así el  
oga, cuando com-  
librerías de los  
enes o en las case-  
o en el paseo de  
requerido de tan-  
como de amores  
nceañera.*

*madrileña —tan  
sa— se ha im-  
noda nueva: la de  
ón de los libros.*

*istas del siglo pró-  
en datarla, escu-  
lécada de los 60  
iniciación y la de  
la de su auge. El  
con la retórica de  
y suele seguir con  
unas pastas rega-  
as. Naturalmente,  
bundancia difieren  
ninencia del autor  
dad del editor. A  
ipañaban las pas-  
nlares de la obra  
bien pronto se ad-  
mermaba la edi-  
de forma no venal  
improductiva, y a  
nces la práctica se  
sta casi desapare-  
ofrecen con aire  
i algunos privile-  
mos asistentes dis-  
via súplica de ser  
cultarlos, al igual  
Chicote de la pos-  
do servía con un  
is los escasísimos  
quel entonces a los*

*figurones de su contorno, redu-  
ciendo a los demás al saboro de  
limonadas o jugos de frutas.*

*De hecho, la presentación de  
libros se emparenta con los es-  
trenos: trae consigo la reunión  
de unos cientos de personas, las  
felicitaciones y los aplausos, si  
bien éstos difieren de los que se  
escuchan en los escenarios, por-  
que en ellos se aplaude ya a la  
obra conocida y en el hotel de  
turno a la que está por conocer.*

*Insisto en lo antes dicho: es-  
cribir en nuestro país ya no es  
llorar —algunos articulistas lo  
saben bien—, como lo era a  
principios del XIX. O, en el peor  
de los casos, el escritor llora las  
mismas lágrimas de los aboga-  
dos sin pleitos, de los doctores  
sin enfermos, de los facultati-  
vos, en suma, de una facultad  
cualquiera que no encuentran en  
la sociedad que les rodea un aco-  
modo remunerador y lucrativo,  
con una ventaja sobre la melancó-  
lica corte de los fracasados: la  
del placer de escribir que nadie  
le arrebatara, para lo cual sólo la  
inspiración es necesaria, ya que  
su instrumental —cuartillas,  
bolígrafo, máquina para los de-  
dos índice— está al alcance de  
todas las fortunas.*

## Tortura inevitable

*Corregir, sí, eso sí es llorar.  
Conozco a bienaventurados que  
mandan sus textos a las linoti-  
pias —soy consciente del arcaís-  
mo, pero no sé cómo ponerlo al  
día— sin revisión apenas. Sé de  
quienes dictan a sus secretarias  
y se inhiben de echarle, a lo que  
dictaron, una ojeada. Pero sé,  
igualmente, de los otros muchos  
—Anatole France era uno de  
ellos y Flaubert ya no diga-  
mos— para los que es una tortu-  
ra encararse, ya no creadores en  
libertad, sino rigurosos críticos  
de sí mismos, con los textos ori-  
ginales en los que descubren  
inesperadas cacofonías, traído-  
res anacolutos, consonancias  
deshonrosas, y mil defectos que,  
prima facies, no advirtieron.  
Sangre, sí, suda el escritor en  
esos trances. Pero son dolores  
inevitables. Y, de seguro, im-  
prescindibles para que la criatu-  
ra nazca rosada, hermosa y du-  
radera.*

## Alicia na selectividade

Por TAREIXA NAVAZA

Ela escoitou tantas marabillas de Galicia que tivo desexos de coñecela. Nada máis chegar atopouse coas filtracións da selectividade. E non dá creto ó que ve, escoita e le. Vaíamos por partes: 1º) Profesor universitario, con filla afectada, di que o denunciante debería ter calado a boquiña; o que vén ser un «viva a corrupción, sempre que me beneficie». 2º) Profesor universitario culpabiliza dos feitos ó equipo rectoral, cando el pertenceu ó anterior e calaron ó ter denunciás da UTEG-INTG de filtracións. 3º) O rector de Vigo manifesta «que resolva Santiago». Elegante xesto de lava-las mans que ten un nome menos elegante. 4º) O rector da Coruña, xurista, apunta que repetí-las probas debe ser un acto voluntario por parte dos alumnos. Ademais non lle gustaron nin o artigo de Manolo Rivas para o exame de galego nin a descrición tan real do comentario sobre a violación. Temería que os nosos rapaces de 17-18 anos de idade se corromperan.

Alicia dime que en USA tratan eses temas na escola. 5º) A Alicia gustoulle ó que dixo Xosé Manuel Beiras —coincidiu con el na TVE-G—, «os pais afectados teñen que pensar en ser menos pais e máis cidadáns ante situacións de enganar, trampas e corrupcións». Alicia ó igual có deputado nacionalista cre que o rectorado tivo coraxe, valentía e honestidade. Cóntolle á miña amiga que aquí dáse moito o de «a río revolto ganancia de pescadores». De aí semellante complicidade social e de apoio ós rapaces facendo que agochen a cabeza ante figuras delictivas, cando se conculca a igualdade de oportunidades e cando se está en favorece-la corrupción.

Queda claro tamén a xenreira de moitos perante un equipo rectoral nacionalista. Estase a encubri-la privatización do ensino, feito demostrado coa concesión do señor Piñeiro Permuy de case 1.500 millóns para financialo preescolar privado, ciclo non obligatorio. Alicia vaise coa sensación de que acá o culpable é o que denuncia a corrupción e que o rectorado debería convencer ó señor Mouzo —denunciante— de que calara e fora discreto. ¡As xentes deste país —dime Alicia— xa non lle parecen tan marabillasas!